

***El Análisis Financiero Dinámico como herramienta para el desarrollo de modelos internos en el marco de Solvencia II***

P. DURÁN / L. OTERO  
Madrid: Fundación Mapfre. 2010  
[553 páxinas]

*Recibido:* 16 de decembro de 2010

*Aceptado:* 12 de xaneiro de 2011

O sistema actual de medición da solvencia das compañías aseguradoras na Unión Europea (Solvencia I) non ten en consideración o perfil de risco específico de cada compañía para calcular o capital necesario. Solvencia II propoñerá un modelo estándar, á vez que fomentará a aplicación de modelos internos de autoavaliación e de xestión do risco. Con isto, o capital necesario vincúlase dunha forma dinámica aos cambios nos niveis de risco de cada compañía, polo que se agarda como resultado unha mellora na situación financeira do sector asegurador europeo.

Solvencia II impulsou a aplicación de modernas técnicas de avaliación do risco, entre as que destaca particularmente a Análise Financeira Dinámica (DFA). Esta análise engloba os modelos de simulación aleatoria do negocio asegurador que proxectan os fluxos de liquidez e os activos e pasivos das compañías. A técnica permite a análise integral do risco soportado mediante a configuración de modelos internos, que permiten avaliar o impacto na solvencia e na rendibilidade de distintas decisións de negocio.

*El Análisis Financiero Dinámico como herramienta para el desarrollo de modelos internos en el marco de Solvencia II* constitúe unha referencia obrigada para aquelas empresas e persoas interesadas na confección de modelos internos. A través dunha exposición clara e con múltiples exemplos prácticos explícase o proceso necesario para a implantación dun modelo interno para una compañía de seguros xerais na nova regulación Solvencia II. Os autores, Pablo Durán e Luis Otero, introducen na literatura española este conxunto de técnicas que se empregan na actualidade nos mercados máis desenvolvidos. A súa aplicación posibilita unha mellor avaliación e xestión do risco, por ser modelos á medida que permiten identificar aquelas situacións nas que a compañía ten un maior grao de exposición.

O traballo estrutúrase en seis capítulos. O primeiro dedícase á análise da normativa de solvencia das compañías aseguradoras nos principais países desenvolvidos, poñendo unha especial énfase na reforma que se está a levar a cabo na Unión Europea. Neste sentido, expóñense as características do modelo de solvencia actual (Solvencia I) e o proxecto de Solvencia II. No que respecta a Solvencia II, móstrase a fórmula estándar do cuarto estudo de impacto cuantitativo (QSI4) de xeito comparativo co seu predecesor (QIS3) e co modelo español de solvencia (MES). Á vez, ilústrase con exemplos do cálculo dos capitais necesarios para cada un dos riscos considerados en Solvencia II, facilitándolle deste xeito a comprensión ao lector.

O segundo capítulo dedícase ao estudo da técnica DFA, orientada ao deseño de modelos internos. Nel defínese a DFA como “*el proceso que consiste en la simulación de la actividad aseguradora de forma integral a través de la modelización aleatorio de las variables determinantes de la evolución de los activos y pasivos que tengan como finalidad, en general, la solvencia de la compañía y la gestión del riesgo*”. Os autores argumentan a superioridade desta técnica fronte a outras máis clásicas e defenden o seu emprego en Solvencia II.

No terceiro capítulo revísanse as ferramentas cuantitativas necesarias para a elaboración dun modelo interno. A modelaxe aleatoria das variables determinantes da evolución dos activos e pasivos das compañías aseguradoras é unha tarefa complexa. Neste contexto, a DFA integra diversos modelos e técnicas financeiras, estatísticas e actuariais nun modelo de simulación dinámica.

No cuarto capítulo abórdanse as diferentes alternativas para a modelaxe dos pasivos das compañías de seguros xerais, que se refiren principalmente á sinestralidade da compañía, ás provisiones técnicas e ao reaseguro por ser as categorías de risco identificadas en Solvencia II.

No quinto capítulo detállanse as distintas técnicas para a modelaxe dos riscos que lles afecten aos activos e ao risco operativo, e compáranse co modelo estándar para os riscos principais.

Para rematar, no sexto capítulo, a partir dos modelos avaliados nos dous capítulos previos, elabórase unha proposta dun modelo de DFA que permite a comparación co modelo estándar.

Finalmente, cómpre recomendar a lectura deste libro de cara a comprender mellor como se realizará a xestión de risco nas compañías de seguros da Unión Europea. Porén, é preciso advertir que, malia a súa linguaxe clara e a vocación didáctica do libro, este non está exento de contidos matemáticos en varios capítulos, o que podería dificultar a súa lectura.

JESÚS BARREAL PERNAS  
Universidade de Santiago de Compostela